

Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**
Tradución: **PILAR MARTÍNEZ** e **MARC TAEGER**

Encadernado en cartóné
32 páxinas en color. 23x30 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Unha parella diferente"
ISBN 978-84-96957-14-5
-Castelán: "Una pareja diferente"
ISBN 978-84-96957-13-8

Prezo: 15 €

UNHA PARELLA DIFERENTE

Un día que non tiñan nada que facer,
Crocodilo díxolle a Xirafa:

-“Imos dar unha volta?”.

-“E onde imos?”, preguntou Xirafa, “a Vilacrocodilo
ou a Aldeaxirafa?”.

Crocodilo e Xirafa namoráronse, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común, que lamentablemente topou coa incompreensión dos seus respectivos semellantes. Senllas visitas ao Barrio Crocodileiro e ao Barrio Xirafero deixáronlles unha desagradable impresión de como os demais valoraban a súa relación. Esta peculiar e entrañable parella padecía as miradas, as burlas e os murmurios dos seus conveciños, grandes e pequenos.

E malia todo, sen importarlles as críticas alleas, os protagonistas non o pensaron dúas veces cando un repentino percance puxo en perigo a unha familia. A altura de Xirafa e a habilidade de Crocodilo salvaron vidas e demostraron que a cooperación e a solidariedade son os alicerces da boa convivencia, por riba de calquera diferenza.

Un libro que, ademais de valores, tamén destila bo humor, tanto no que respecta ás ilustracións, como ao texto, con simpáticos xiros lingüísticos: o “xiradrilo-móbil” no que se desprazan Crocodilo e Xirafa é un bo exemplo de fusión entre especies.

“Unha parella diferente” forma parte dunha serie á que pertencen os títulos “Crocodilo namorado” e “Unha casa a medida”, publicados por FAKTORÍA K. Outros traballos da mesma autora e ilustradora que forman parte do catálogo da editorial son “Leopoldo e Casilda”, “Que lería de cordóns” e “Co dedo no nariz”, todos eles dispoñibles en castelán e galego.

DANIELA KULOT (Schongau, 1966)

Os pinceis e os lápices forman parte da vida desta autora e ilustradora dende a nenez. En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística e alemán na Universidade de Augsburg, aos que seguiron outros cursos en materia de deseño gráfico e ilustración. A partir de 1993 comezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora ‘free-lance’. Completou a súa preparación na Escola de Belas Artes de Munich.

Empezou a visitar feiras internacionais de literatura infantil, como a de Bolonia (Italia), e a súa primeira oportunidade chegou a través da editorial alemá Thienemann. Títulos como “Co dedo no nariz” foi un dos seus grandes éxitos de vendas e traducíuse a máis dunha ducia de idiomas.

En 1999 comezou a dar clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra tamén se expuxo na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no museo da cidade de Günzburg (2001) e na Feira de Arte de Nagama, en Xapón (2002), entre outras mostras.



- **Temática:** o amor e a parella
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** a aceptación das diferenzas, a tolerancia e a convivencia, o respecto aos demais, a superación das dificultades, os sentimentos

